



PROBA DE AVENTURA NOCTURNA

NOITE MOURA

SÁBADO 4 DE XUÑO, 21:30 HORAS



Xacobeo
21-22


NIGRÁN
Equilibrio Natural

TERRITORIO
 **COMANCHE** 
ACTIVIDADES OUTDOOR

1 DATA E LUGAR

A actividade terá lugar o sábado 4 de xuño ás 21:30 horas da noite en Montecastelo (Nigrán), con punto de inicio e final no campo de fútbol sala da parroquia de Parada. Haberá sinalizacións dende a estrada principal PO-332 (Estrada dos pazos). Adxuntamos enlace de google maps para a súa localización:

CAMPO FÚTBOL SALA PARADA

Asimesmo, aos equipos inscritos se lles enviará vía wassap a

2 A ACTIVIDADE

Consiste nunha actividade por equipos que combina orientación con mapa e diferentes probas denominadas "especiais". Os/as participantes deberán percorrer a pé unha distancia variable, por terreo de bosque, intentando localizar unha serie de puntos de control ou balizas e superando diversas probas, que poden ser físicas ou de coñecemento sobre o patrimonio inmaterial relacionado coas lendas e mitos galegos.


O tempo máximo para realizar a proba é de dúas horas e media, e os equipos deberán acadar o maior número de puntos posibles. Todo tempo que exceda ao establecido pola organización será penalizado con puntos. Existe a posibilidade de rematar a proba en menos tempo de establecido, no caso de haber completado tódolos puntos ou non querer continuar coa actividade.

Os equipos deciden libremente a orde de búsqueda e o ritmo a seguir (andando ou correndo), non sendo obrigatorio o paso por todos eles.

Cun alto componente estratéxico, a toma de decisións e o traballo en equipo son claves para completar a proba con éxito.

Cada equipo participante contará co seguinte material:

1.- MAPA, que contén toda a información necesaria para progresar polo terreo (camiños, carreteras, curvas de nivel...). Asimesmo, indícase o punto de saída-chegada e as balizas a localizar.



AS BALIZAS AMOSADAS NESTE MAPA SON FICTICIAS

2.- FOLLA DE DESCRICIÓN DE BALIZAS: Contén información relevante sobre cantos puntos vale cada baliza, unha pequena descrición de onde están, e que probas de coñecemento hai en cada un dos puntos de control establecidos.

NOITE MOURA		
Nº BALIZA (225 PTOS.)	DESCRICIÓN BALIZA	PROBAS ESPECIAIS (745 PTOS.)
1	ÁRBORE	
2	ÁRBORE	BRUXAS E MEIGAS
3	ENREIXADO	AMULETOS
4	ÁRBORE	
5	ÁRBORE	O LOBIS HOME
6	ÁRBORE	
7	RUÍNAS	A MARUXAINA
8	ÁRBORE	
9	ÁRBORE	A SANTA COMPANA
10	ÁRBORE	
11	CHAVE DE AUGA	
12	TRONCO CAÍDO	
13	LEIRA	LENDAS E MITOS
14	BOSQUE DE XUNCOS	
15	PONTE	

3.- TRÍPTICO: documentación necesaria para que cada equipo poida apuntar as respostas de cada unha das probas de coñecemento que realice, así como marcar o paso polos puntos de control ou balizas.

1	11
2	12
3	13
4	14
5	15
6	
7	
8	
9	
10	

BALIZAS




NOITE MOURA




BRUXAS E MEIGAS

1	
2	
3	
4	
5	



O LOBIS HOME




1	
2	
3	
4	

AMULETOS

1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	


A SANTA COMPANA

RESPOSTA:



A MARUXAINA


MARCA CUNHA "X" A RESPOSTA CORRECTA



1	VERDADEIRO	FALSO
2	VERDADEIRO	FALSO
3	VERDADEIRO	FALSO
4	VERDADEIRO	FALSO
5	VERDADEIRO	FALSO

LENDAS E MITOS

RESPOSTA:



4.- BOLÍGRAFO

3

A QUEN VAI DIRIXIDA

PARA PODER INSCRIBIRSE NA ACTIVIDADE, É IMPRESCINDIBLE QUE TOD@S @S PARTICIPANTES ESTEN EMPADROAD@S NO CONCELLO DE NIGRÁN.

A actividade está aberta ao público xeral, onde teñen cabida tanto familias con nen@s, como xente adulta que queira vivir unha boa aventura no medio natural... dado o horario e as distancias a percorrer Incluso os cans son benvidos!!!

A proba está recomendada a partires de 12 anos en adiante, cun nivel de esixencia física medio (para a categoría de nen@s) e medio-alto (para a categoría de adultos).

Os equipos deberán ter un mínimo de dous integrantes até un máximo de 5, e se establecerán dúas categorías:

- CATEGORÍA PEQUEN@S CASTORES: Equipos onde, polo menos, un dos integrantes sexa menor de 12 anos. Distancia a percorrer de 6-8Km (non sendo obrigatorio facer todo o percorrido).

- CATEGORÍA EXPLORERS: Equipos onde tod@s @s integrantes do equipo sexan maiores de 12 anos (obrigatorio que haxa un membro de equipo maior de idade). Distancia a percorrer de 10-12 Km (non sendo obrigatorio facer todo o percorrido)

4

MATERIAL NECESARIO

Cada un dos equipos deberá levar ao menos un **teléfono móbil**, por se fose necesario nalgún momento comunicación coa organización da proba.

Ademáis, recoméndase **calzado e roupa cómoda** para andar e correr .

Dado o seu carácter nocturno, é obrigatorio que cada un dos/das participantes leven unha **fonte de luz externa (frontal/lanterna)**.

Ademáis do material citado no parágrafo anterior, a organización recomenda aos participantes dispoñer do seguinte material:

- **Mochila con avituallamento sólido e líquido durante o transcurso da proba.**
- **Calzado e roupa de reposto para mudarse unha vez finalizada a proba..**
- **Chubasqueiro** (se hai previsión de choiva).

5 HORARIOS

21:30-22:00

- Charla técnica, onde se explicará a mecánica da proba e resolverán as posibles dúbidas dos/das participantes .
- Entrega do material aos equipos participantes.

22:00- 00:30

- Actividade NOITE MOURA.

6 PREMIOS

Haberá premios para os tres primeiros clasificados de ámbalas dúas categorías, e consistirán en:

- **Primeiro clasificado:** unhas clases de surf con Prado Surf escola e uns cócteles en Pénjamo Sunbar.
- **Segundo clasificado:** un almuerzo ou cea no restaurante mexicano Chac Mool.
- **Tercer clasificado:** pequeno-almuerzo ou brunch en Coffe&Meal.